



As tres mellores obras sostibles de Galicia

Hoxe celébrase na Coruña a primeira edición duns premios que recoñecen “as boas prácticas” arquitectónicas

REPORTAXE

REDACCIÓN
 GALICIA

galicia@xornaldegalicia.com

Dúas obras de Ourense e unha da Coruña reciben hoxe o premio ás mellores edificacións sostibles de Galicia, un galardón concedido polo Colexio de Arquitectos de Galicia, a Deputación da Coruña e a Fundación Biodiversidad. A primeira edición destes Premios Galegos de Arquitectura Sostible celebrárase durante o primeiro Congreso Galego de Sostibilidade e Construción, que terá lugar na sede da Fundación Caixa Galicia da Coruña entre as 9 e as 21 horas. Estes premios recoñecen “as boas prácticas e as solucións innovadoras” aplicadas nas construcións realizadas por arquitectos residentes

en Galicia. Ademais, as obras distinguidas destacan “por contribuír á redución do consumo do aforro enerxético e por apostar polo uso de enerxías renovables e tecnoloxías limpas.

Unha edificación unifamiliar do municipio coruñés de Ames, do arquitecto Carlos Bóveda en colaboración con Domingo Alberto Miranda, foi premiada dentro da categoría de vivenda nova. Na modalidade de deseño de espazos sostibles, o premio foi compartido por dúas obras da provincia de Ourense: o centro de saúde de Toén, un proxecto de Javier Franco e Vicente Pintos; e os módulos de aseos públicos de Leiro, dos arquitectos Juan José Otero e Cecilia López.

Na categoría de rehabilitación e recuperación de edificacións o premio quedou deserto. ■

HÉCTOR FERNÁNDEZ

COAG



As tres construcións premiadas: vivenda en Ames, aseos públicos en Leiro e centro de saúde en Toén